



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

VOCAIS

D. Víctor Abelleira Argibay
(Avogado polo Colexio da provincia)
Dña. M^a Jesús Novoa Suárez
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)
D. Jesús de la Fuente Villar
(Xefe do Servizo de M.I.F.)

**VOCAIS REPRESENTANTES DA
CMVMC DE ANGOARES, CONCELLO
DE PONTEAREAS**

D. Abel Amil Rodríguez
D. Adriano Alvarez Garrido

SECRETARIO

D. José M^a Muíños Mayoral

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día dezaioito de outubro do 2007, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 4^a planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "Escola e outros", da parroquia de Angoares, do concello de Ponteareas.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 03/05/06, D. Abel Amil Rodríguez, na sua condición de presidente da CMVMC de Angoares, do concello de Ponteareas, e en representación da mesma, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación dos montes "Escola e outros" como veciñais en man común para os veciños da parroquia de Angoares, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros.

SEGUNDO.- O rexistrador da propiedade de Ponteareas, certifica con data 09/03/07, que os montes solicitados non aparecen inscritos a nome de persoa algunha.



TERCEIRO.- Á vista da documentación aportada polo solicitante e o informe do Servizo de M.I.F. os montes obxecto do presente expediente, obedecen á seguinte descripción:

CONCELLO: PONTEAREAS

PARROQUIA: ANGOARES

NOME DO MONTE: "Escola"

Cabida: 723,6 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño

Sur: Predios particulares de José Sobral Lago, Gabino Gómez Iglesias, Jesús Chaichio Fernández e Concepción Iglesias Carrera

Leste: Terreo municipal

Oeste: Camiño

NOME DO MONTE: "Regua"

Cabida: 1664,4 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Predios particulares de Enrique Lago Lago

Sur: Predios particulares de José C. Rodríguez Alonso, Consuelo Alonso Martínez, Carlos Alonso Martínez e Raul Rodríguez Alonso

Leste: Camiño

Oeste: Predios particulares de Antonio Rodríguez Lago

NOME DO MONTE: "Carballal"

Cabida: 829 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Predios particulares de Aurelia Monteagudo Fernández, Manuela Porto Estévez e Pablo Porto Lorenzo

Sur: Camiño

Leste: Camiño

Oeste: Camiño

CUARTO.- Realizadas as comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, non se presentan alegacións

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.



Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes veciñais en man común *"... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños"*.

Terceiro.- O uso en man común dos montes solicitados tense suficientemente acreditado pola documentación aportada polos solicitantes e polo feito que no trámite de audiencia non se presentaran alegacións de ningún tipo.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR como veciñais en man común os montes "Escola e outros", a favor dos veciños da CMVMC de Angoares, do concello de Pontearreas, de acordo coa descrición reflectida no feito terceiro e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





TRABALLO : **PLANO DE CLASIFICACIÓN DAS PARCELAS DENOMINADAS "ESCOLA", "REGUA" E "CARBALLAL" DA PARROQUIA DE ANGOARES.**

CONCELLO : PONTEAREAS

AUTOR : SECCION TOPOGRAFIA

DATA : OUTUBRO / 2007

FOLLA : 1 / 1

LEND : Liña límite de parcela clasificada.

Edificio público ou singular.

Correiro.

Muro de contención.

Aromado, cerca metélica.

Curvas de nivel-Cotas.

Estrada-Filo quilométrico.

Comiño, pista.

Rego, regoto.

Ríos.

Límite de cultivo.

Masa de árbores.

Muro, topio.

Edificio, construción.

OBSERVACIÓNS : A base cartográfica empregada está extraída da cartografía a escala 1/5.000 da Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia e orfotolo color.

A liña límite das parcelas clasificadas foi facilitada polo solicitante da clasificación, sendo insuficiente a planimetría aportada ó non cumprir coas especificacións da Sección de Topografía. Proxección UTM, fuso 29, Datum Internacional, elipsoide de Hayford.

ESCALA : 1 / 5.000

LISTADO DE COORDENADAS UTM DOS PUNTOS DO PERÍMETRO DAS PARCELAS:

Parcela 1			Parcela 2			Parcela 3		
Nome da Parcela: ESCOLA			Nome da Parcela: REGUA			Nome da Parcela: CARBALLAL		
Superficie: 723,6 m ²			Superficie: 1664,4 m ²			Superficie: 829,0 m ²		
PUNTO	X	Y	PUNTO	X	Y	PUNTO	X	Y
1	540847.61	4668547.58	1	540433.64	4668450.19	1	541402.65	4668300.87
2	540831.42	4668549.67	2	540450.34	4668448.33	2	541457.88	4668387.92
3	540882.84	4668534.16	3	540461.52	4668447.64	3	541431.95	4668378.67
4	540887.51	4668533.76	4	540472.49	4668447.19	4	541489.44	4668373.14
5	540887.45	4668532.16	5	540475.97	4668446.79	5	541505.94	4668362.42
6	540892.09	4668521.51	6	540481.56	4668446.40	6	541514.38	4668355.39
7	540891.71	4668530.67	7	540483.76	4668440.79	7	541519.05	4668357.81
8	540851.50	4668523.52	8	540485.10	4668425.49	8	541526.42	4668357.62
			9	540483.65	4668421.84	9	541528.94	4668356.23
			10	540469.24	4668418.61	10	541519.35	4668353.46
			11	540450.78	4668414.95	11	541508.84	4668348.87
			12	540432.37	4668412.51	12	541500.62	4668347.39
			13	540427.44	4668422.86	13	541495.51	4668347.77
			14	540430.80	4668428.45	14	541492.05	4668348.98
						15	541487.49	4668352.19
						16	541480.83	4668359.61
						17	541472.06	4668374.09
						18	541466.90	4668383.84

O Topógrafo do Servizo
O Enxeñeiro Técnico en Topografía

Pablo Carballo Cruz

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA